

003963 26.05.2010 09:30

### CODIRECCION TRABAJO FIN DE MASTER

A Resolución Reitoral do 11 de decembro de 2009 regula os Traballos Fin de Máster en Titulacións de Posgrao organizadas consonte ao RD 1393/2007. Esta resolución establece que:

*“Os traballos fin de Máster deberán ter un director ou directora que será o que asista na dirección ao estudante. Tamén poderá nomear un codirector/a coas funcións que determine a Comisión Académica”*

Así pois, correspondendo á Comisión Académica determinar as súas funcións do codirector e o nomeamento, de selo caso, polo que estas **funcións do codirector/a non poden ser equivalentes ás da dirección** do Trabajo Fin de Máster.

Co fin de determinar a actividade docente das codireccións dos Traballos Fin de Master, esta Vicerreitoría,

#### RESOLVE

**Primeiro.-** A Comisión Académica do Máster que autorice o nomeamento do codirector/a e mailas súas funcións, deberá determinar a porcentaxe de horas de actividade docente que lle corresponderá pola súa codirección, que non poderá ser inferior ao 25% do que corresponde á dirección do traballo nin superior ao 50%. O resto da actividade docente corresponderá á Dirección ata completar o 100%.

**Segundo.-** O máximo de horas que pola actividade docente de dirección e/ou codirección se lle poderá computar a un PDI no Plan de Organización docente non será superior á que lle corresponda pola dirección completa de dous traballos fin de Máster. As horas de actividade docente que corresponda a cada Trabajo Fin de Máster deberá realizarse segundo o establecido no Acordo aprobado polo Consello de Goberno do 17 de febreiro de Necesidades Lectivas e Titorías das áreas de coñecemento 2010/201.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2010  
O Vicerreitor de Profesorado e Organización Académica



Juan M. Viaño Rey

Sr. Vicerreitor de Oferta docente e EEES; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Srs. Decanos/as Directores/as de centro; Srs./as Directores/as de Departamentos; Srs./as Directores/as de Institutos Universitarios; Srs./as Coordinadores/as de Máster; Sr. Vicexerente de Xestión Académica